

# O novo horario no ensino secundario: feitos fronte a relatos



## Antes tiñamos un máximo de 18 horas lectivas, sen excepcións

Esta excepción existiu en Galicia desde 1987 ata 2011. A orde de **horarios** do 23 de xuño de **2011**, a última que recollía a xornada de 18 horas lectivas, indicaba o seguinte:

*Destas 23 horas, 18 terán carácter lectivo podendo chegar ata vinte se as necesidades do centro así o esixe [sic] en función do profesorado dispoñible.*

Pola contra, **agora** esa excepción vén acompañada dunha **redución de sesións de permanencia fixa** no centro.

## As reducións do equipo directivo eran incondicionais

Da orde do 1 de agosto de 1997, ata agora vixente:

84. [...] os profesores con responsabilidades directivas [...] terán, como máximo, **segundo as dispoñibilidades de profesorado do centro**, as reducións horarias semanais que se indican a continuación.

E no horario vixente o próximo curso:

*Os membros do equipo directivo dos IES, CPI [...] disporán, como máximo, **segundo a dispoñibilidade de profesorado do centro**, das seguintes sesións que contarán na parte lectiva do seu horario.*

## Antes existía un límite fixo de 18 horas con materias afíns

A Orde do 1 de agosto de 1997 indicaba:

*Como norma xeral, no caso de profesores que impartan unha disciplina afín, o número de períodos lectivos semanais non poderá ser superior a 18.*

Era unha “norma xeral”, polo que **admitía excepcións**; estas eran habituais e os docentes non se podían negar.

A partir do próximo curso, **só se poderán superar** as 18 sesións con materias afíns **co consentimento** do/da docente afectado e o visto bo de inspección educativa.

## A excepción das 20 horas é unha escusa para impoñer máis de 18

No novo horario, quen chegue excepcionalmente ás 20 horas lectivas terá tamén 20 horas de permanencia, fronte ás 23 actuais. É dicir: **non terá sesións para gardas**.

Se as 20 horas se convertesen na norma, habería **serias dificultades para cubrir as gardas** do centro.



## Aínda estaremos lonxe do que xa teñen noutras CC. AA.

En Galicia seremos a **comunidade autónoma coa menor permanencia fixa do centro no ensino secundario: 23 sesións con opción a baixar a 20.**

Ademais, baixaremos a **18 sesións lectivas**, na maior parte dos centros de **50 minutos**, para un **total de 900 minutos** semanais.

Castela e León e Euskadi teñen 17 sesións lectivas de 55 minutos\*, **superando a Galicia cun total de 935 minutos** semanais.

\* En Castela e León, o habitual son sesións de 50 minutos con descansos de 5 entre sesións

## Os cargos terán máis sesións lectivas que antes

Todo o profesorado reducirá o número máximo de sesións lectivas, podendo manter ou aumentar o tempo dedicado aos cargos:

	Antes	Agora
Titores/as	20	17
Xefaturas de departamento e coordinacións EDLG	17-20	17
Xefaturas de departamento unipersoais	19-20	18
Coordinación de convivencia	18-20	16
Dirección, xefatura e secretaría en centros tipo A, B, C, D	<small>mínimo</small> 6, 8, 11, 14	<small>mínimo</small> 2, 4, 7, 10

## A Consellería informou de que non se aumentará o persoal

Fontes consultadas por CCOO Ensino presentes nas reunións cos equipos directivos negaron esta información.

Por outra banda, no **ensino secundario é imposible** reducir o horario lectivo sen máis persoal. O próximo curso, a norma serán **18 horas lectivas, con maiores reducións** para titoras/es, equipos directivos e outros cargos.

Se cada docente ten menos horas lectivas, fai falta máis profesorado para cubrir as mesmas clases.

## A Consellería só se adianta á lei estatal de horarios e ratios

O horario lectivo de secundaria o próximo curso en Galicia **mellorará o proposto na lei estatal**, coa compensación das horas lectivas con menor permanencia no centro ou as maiores reducións horarias para titoras/es e equipos directivos.

Por outra banda, a **aprobación** da lei de horarios e 'ratios' **non está para nada garantida** dada a aritmética parlamentaria actual tanto no Congreso dos Deputados como no Senado.